

respondía ó que estaba escrito na Enciclopedia se non un pouquiño mais porque tiña ansia de saber i esta ansia levouno a que un día o cura de Barcela, don Crisanto, sabedor de que en Sela vivía un rapaz cunha mente privilexiada anumouo a continuar os estudos no Seminario, úneco co lugar naquel tempo donde podían estudar os fillos dos pobres.

Nos anos de Seminario Menor en Tui, Evaristo de Sela forxou a súa preocupación polo saber. Acudía a casa paterna polas vacacións de nadal, semana sante e verán e, acudía puntualmente co seu pai, reloxeiro de afeción, a estación do tren todos os días as 12 da mána para cadrar os reloxos de pulso co que estaba pendurado no edificio da estación.

Despois dese primeiro paso polo Seminario de Tui acompañado desa ansia por saber que ia vendo colmada, e unha vez rematados os estudos básicos en Tui, marcha a Bélxica para continuar estudos superiores na orde dos xesuitas, donde estivo a pique de facer os votos pero nese momento de compromiso vital dase conta que a súa vocación non é a relixiosa. Posiblemente unha crise vocacional profunda, xunto cun certo agnosticismo momentáneo que pode ter un mozo de dezanove anos. Decide deste xeito non seguir a carreira eclesiástica e retorna a Sela.

A segunda etapa de Evaristo en Sela na súa Granxa natal sucede entre finais de 1935 e os primeiros meses de 1936 . E ahí temos a un xove nunha aldea perdida a carón do Miño, no sur da provincia de Pontevedra; un rapaz con tremendas inquedanzas intelectuais que chega a unha aldea na que non ve futuro. A terra non está ben traballada, os medios de produción non son os adecuados para laborar ese minifundio autoconsumista. El quere seguir ampliando coñecementos pero no Seminario de Tui non o admiten por entender que alí xa non tiñan máis que ensinarlle e durante eses meses vive en Sela sendo un tempo moi fructífero para a súa produción literaria; de feito moitos poemas lidos neste día foron escritos aquí donde estou eu ou donde están vostedes ou en calqueira cuarto desta casa; son poemas cheos de inquedanza e de vida.

En febreiro de 1936 Evaristo González Fernandez alístase no exercito como voluntario, pero vendo as situacións que se producen unha vez sublevado o reximento no que está tras o 18 de xullo e, dándose conte que usurparon un poder que non lle corresponde fuxe a Portugal donde é detido e pasa por diferentes carceres, penais, batalóns disciplinarios donde probablemente coincidirá con meu

pai, Agapito Valado González, no batallón disciplinario de Miranda de Ebro. Meu pai, que era un ano máis vello ca el, nacera en 1916 residía en Portugal cando comezou a guerra civil. Chamado a quintas non se presentou e foi detido en 1940 cando regresaba do pais veciño.

Evaristo González, unha vez liberado polo réxime franquista no mes de xullo de 1942 so lle queda voltar a súa Sela natal, vivindo aquí ata outubro dese mesmo ano cando a través dunha amizade forxada en Bélxica é contratado polo Colexio Labor de Vigo para dar clases aínda que súa papeis que o confirmaran como profesor. Estes meses que pasou en Sela nesta terceira etapa foron meses moi duros porque non ve un futuro claro vese imposibilitado para facer algo de proveito.. Aquí escribiu poemas de tanta fondura sentimental como o titulado *Naiciña* e outros que nos fan pensar que como se leva comentado a quí esta mañán era un home comprometido coa literatura, coa tradución e o agradecemento que eu quixera tributarlle como veciño e como secretario da Asociación Cultural que leva o seu nome por levar a nosa parroquia no seu apelido e facer que no non sexa coñecida por un salto de auga que quería construír Fenosa senon tamén por un home, un home universal, que nas altas esferas da cultura galega e no mundo da tradución, xa que cando algún faga un traballo sobre as traducións de Homero no mundo en calqueira lingua ou calquera profesional do ensino, tera que mencionar que se fixo unha tradución ó galego, i esa tradución, veciños de Sela, sentídevos orgullosos porque quén a realizou foi un veciño noso.

Tamén penso moitas veces e pregúntome Cando este intelectual chegou a Sela en 1942 despois de ser repudiado polo réxime franquista como se sentiría neste medio asoballado e renegado da liberdade, que tiña que calar e obedecer o réxime establecido. Debeu ser considerado un proscrito e de seguro moita xente lle daría as costas por medo.

Os veciños de Sela, agradecidos por ser o mellor representante desta terra queremos agasallalo alá donde esté escoitando os versos de Homero na fala da súa Sela natal e diante da casa que o viu nacer e na que se criou. Hoxe por fin Homera falará a fala de Sela, a fala de Evaristo.

Moitas grazas.

Intervención de Xavier Simón Fernández alcalde de Arbo (1911-1914)

Bo día a todas e todos.

Queridos concelleiros; estimados profesores, catedráticos e demais visitantes que veñen de fora; estimados amigos e amigos, veciñas e veciños de Arbo; benvidos a este acto tan emotivo que estamos a celebrar no barrio da Granxa.

Escribín un pequeno texto pensado en Evaristo, na súa familia e sobre todo no futuro. O título é: "Temos as portas abertas", e vouno ler con calma.

O concello de Arbo desde hai uns meses abriu as súas portas a cidadanía. Estamos contentos as mulleres e homes de ben porque reina a igualdade, avanzamos en xustiza social e partillamos o sentido común, o ben facer e as acción sen rencor e sen hipocresía. As portas están abertas para que vós, nós, veciños de Sela e de Arbo topemos acubillo ás nosas inxerencias, demos impulso as nosas iniciativas e avancemos na construción dunha sociedade máis xusta donde as persoas vivamos con dignidade.

Así foi como viviu o noso veciño Evaristo González Fernández,

Evaristo de Sela. Fervíanlle os miolos coas ganas de aprender e non parou de estudar e de ensinar ata o final da súa vida. Fronte a ignorancia e a pobreza desempeñou entusiasmo e traballo para construír un mundo mellor. Fronte o terror e a barbarie, labrou campos de paz, de concordia e de dignidade, de moita dignidade.

Evaristo de Sela foi un gran traductor, un bo poe-

ta, un excelente profesor, un insustituíble arbense, un traballador incansable, un pacifista declarado, un home de ben. Non foi o meu mestre, pero recollín un comentario dunha alumna súa aló no Instituto Feminino de Vigo polo anos oitenta. Chámabase Lola e dícia falando do mestre Evaristo: "Hai que ser agradecidos con quen nos ensina durante anos non só a materia que domina se non tamén o exemplo coa súa actitude e bondade durante os nosos anos máis sensíbeis".

Non son poeta nin o pretendo, pero a lectura sosegada das letras de Evaristo se Sela teñen arreando pacifista perpetuo cando recolle flores e

estrelas e quere ensinar a paz: "Soio, soio, soio, eu busco un corazón cheo de amores que xunte co meu o seu cariño para alivio do sempiterno dos meus dores"

Estas son palabras de Evaristo de Sela.

Quero no meu nome expresar a tristura que sinto polo tempo perdido en recoñecer e gavar o traballo de Evaristo de Sela, e, no nome do pobo de Arbo dicir: Evaristo, unha chea de benzóns por construír e facernos un pobo máis culto, unha parroquia e unha vila univer-

sais. Endexamais ninguén esquecera que foches ti, fillo do barrio da Granxa o que fixo falar a Ulises e a Héctor na lingua de Rosalía, na nosa lingua.

Quero agradecer tamén a todas as personalidades, membros da Real Academia Galega, do



Consello da Cultura Galega, da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade de Vigo e atodos os demais aquí presentes a súa presenza en Arbo. Este tamén é, a partir de agora, a vosa casa. Traballamos para construír un mundo mellor, para que o rural arbense teña futuro, para que o río e as montañas que inspiraron a Evaristo sigan a dar réditos literarios e tamén dignidade.

A nosa casa xa é a vosa tamén. Vinde pensar, descansar e gozar as terras do Miño, dos Dragos, do Coto da Moura, do Cabrón, de Teceláns, da Cigarreira... A ós arbenses máis novos, a estes que nos precederon na lectura de poemas, dicirlle que o esforzo e a tenacidade abren as portas da dignidade, da prosperidade e da paz.

Evaristo de Sela foi un autodidacta encomiable que avanzou no ceñecemento sin caer no dasocougo nin na desesperanza.

Evaristo de Sela tardou corenta e tres anos, e non por que non tivese luces, en ser Licenciado pola Universidade de Santiago de Compostela, pero ó fin conseguíuno,

Evaristo de Sela propúxose que as palabras de Homero se lesen na lingua do noso pobo e alanzouno- A súa teima, amigas e amigos, por saber foi a clave que abriu a porta da súa felicidade de neno que andaba coas cabras e coas ovellas a prestixioso intelectual e funcionario de carreira.

A maior enerxía para a busca da felicidade non provén das minas nin das contas bancarias; esa enerxía provén do fondo da nosa alma.

Esfrozádevos. Non paredes no empeño de ser cada vez máis cultos e máis libres. Como el dicía o día que alcanzou o seu título universitario: "Temos as portas abertas".

Moitas grazas.



Intervención de Dona Stella Maris González Balbuena Catedrática de lingua e literatura francesa filla de Evaristo de Sela

Bo día.

Agradecer de tdo corazón en nome da súa viúva e dos familiares a todos os que fixeron posible este acto de homenaxe que se está a realizar no lugar que corresponde: A Granxa.

Moitas grazas a Asociación Cultural Evaristo de Sela, o concello de Arbo e a Sociedade española de estudos clásicos pola súa colaboración. Moitísimas grazas as autoridades culturais que se desplazaron ata aquí: Don Xesús Alonso Montero, don Victor F. Freixanes, don Juan José Moralejo; grazas tamén ó alcalde de Arbo Xavier Simón, a Agapito Valado, a Manuel Alvarez Groba, presidente da Asociación Cultural Evaristo de Sela. Grazas especiais os rapaces e raparigas recitadores e aos músicos.

Evaristo descubre a orixe grega do seu nome estando en prisión; así consta nun cuaderno escrito na cárcere e titulado "A propósito de mi vida o a impulsos del corazón. Caldas de Reis. Agosto 1937". Nel dí, que, á imitación da Eneida ó seu primeiro poema poralle o nome de evaristeira, pois el é o protagonista da historia que vai contar. Así eu vou contar un pouco desta evaristeira, ou historia de Evaristo, singular e azarosa, centrada sempre nunha constante: o estudo e o esforzo.

Primeiramente quero mencionar todas as cousas que foi Evaristo na súa vida sen pararme polo miudo, pois non é o momento. O meu pai foi pastor de cabras e ovelas, seminarista ós doce anos no Seminario Consiliar de Tui; alí estudou latín e humanidades; foi novizo en Marquian (Bélxica); foi artilleiro aos 18 anos sen chegar a xurar bandeira no cuartel de San

Fernando, Rexemento de Artillería Lixeiro nº 15 en Pontevedra. Foi preso e condeado a cadea perpetua por deserción polo Consello de Guerra o 19 de setembro de 1936 causa sumarisima nº 853/36. Preso en Salvaterra, Pontevedra, Caldas de Reis, Illa de San Simón, Forte de San Cristobal (Pamplona), nas carboeiras da estación de Miranda de Ebro e, finalmente, no Batallón Disciplinario de Soldados Trabajadores n 91 de Fuerteventura (Canarias).

Helenista autodidacta no cárcere cunha gramática que lle regalaran; profesor sen papeis en vigo ata os 38 anos; licenciado en Filosofía e Letras, sección de Historia en 1960; tres anos despois agregado de grego. O seu primeiro destino foi o Instituto Femenino de Pontevedra donde estivera preso trinta anos antes.

Traductor ao galego desde o grego clásico e do grego moderno a partir dos anos 70 aproximadamente; foi fundador e presidente da Asociación de Amigos de Grecia en 1985.

